

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Para coñecer a evolución da poboación dun lugar, hai que ter en conta varios aspectos:

- A **natalidade** é o número de nacementos que se producen nun ano nun lugar concreto.
- A **mortalidade** é o número de persoas que morren nun ano nun lugar concreto.
- A diferenza entre a natalidade e a mortalidade proporciónanos o **saldo natural**.

1 Completa a táboa. Despois, responde as preguntas.

España			
Ano	Nacementos	Defuncións	Saldo natural
2010	486.575	382.047	
2011	471.999	387.911	
2012	454.648	402.950	

- Que é o saldo natural? _____

- Como evolucionou a natalidade nestes anos? _____
- E a mortalidade? _____
- Como evolucionou a poboación española entre 2010 e 2012, aumentou ou diminuíu? Por que?

2 Observa os datos de Europa no 2012 e responde as preguntas.

Europa		
Ano	Nacementos	Defuncións
2012	7.934.977	8.305.314

- É maior o número de nacementos ou o de defuncións? _____
- Medrou a poboación europea no 2012 ou diminuíu? Explica por que.

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Os **desprazamentos** de poboación foron **constantes** en Europa. Estes deron lugar a movementos interiores e cara ao exterior, así como á chegada de inmigrantes.

1 Marca verdadeiro (V) ou falso (F) segundo corresponda. Despois, escribe correctamente as afirmacións erróneas.

- ☐ A emigración europea a partir de 1880 dirixiuse cara a América e Oceanía.
- ☐ A partir de 1945, a emigración dirixiuse principalmente a México e Canadá.
- ☐ Actualmente, chegan a Europa inmigrantes procedentes de Canadá e Australia.

2 Cales son os países que reciben maior número de inmigrantes? Sinala o mapa correcto.



3 Cales son os efectos da inmigración en Europa?